



CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE AGADIC E AS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS PARA A PROGRAMACIÓN DO 1º SEMESTRE DE 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais

DECLARA que,

1. A Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ven de asinar os convenios da Rede Galega de Teatros e Auditorios por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2026 coas seguintes entidades locais:

Auditorio de Galicia, Concello de A Rúa, Concello de Ames, Concello de Arteixo, Concello de Betanzos, Concello de Boiro e Concello de Burela, Concello de Cambados, Concello de Cangas, Concello de Carballo, Concello de Cedeira, Concello de Cee, Deputación de Ourense, Concello de Foz, Concello de Gondomar, Concello de Lugo, Concello de Monforte, Concello de Muros, Concello de Narón, Concello de Negreira, Concello de O Barco de Valdeorras, Concello de O Carballiño, Concello de O Grove, Concello de Oleiros, Concello de Ortigueira, Concello de Outes, Concello de Pontareas, Concello de Redondela, Concello de Ribadeo, Concello de Sada, Concello de Tomiño, Concello de Tui, Concello de Vigo, Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de Vimianzo e Concello de Viveiro, Instituto Municipal Coruña Espectáculos (Teatro Rosalía e Fórum Metropolitano).

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto: *"A realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberá desenvolver nos espazos escénicos de cada localidade e nas condicións especificadas no convenio."*
3. Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte: *"Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios."*
4. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data que figura ó marxe.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

